

XORNADA

Voute preservar, miñoca!

Onde os videoxogos en galego e a
arqueoloxía se dan a man



2 de febreiro de 2024

10.30 h

Salón de graos
Edificio de Ferro

Campus de Ourense

Desenho: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

XORNADA

Voute preservar, miñoca!

Onde os videoxogos en galego e a arqueoloxía se dan a man



Universidade de Vigo

Xornada

Voute preservar, miñoca!

Onde os videoxogos en galego e a arqueoloxía se dan a man

Data: venres, 2 de febreiro de 2024

Lugar: Salón de graos, edificio de Ferro, Campus de Ourense.

Programa

10.30 h Zona de videoxogos clásicos en galego

O certo é que as consolas que reinaron nos anos oitenta e noventa non se caracterizaban polo coidado das linguas como o galego.

Pero, coma sempre, para iso estaba a comunidade de usuarias e usuarios de Galicia, capaz de facer o que fixese falta para que o seu personaxe favorito falase na nosa lingua. Grazas a estes fans do galego e dos videoxogos, hoxe podemos contar con propostas de lecer sobre toda unha fauna de ourizos, cogomelos e superheroes do *anime*.

10.30 h Hackathon

[a partir de 14 anos] para o deseño dunha guía que «conecte» os videoxogos de xeito saudable.

Millán Brea Castro, profesor de formación profesional e da UVigo, ademais de fundador e presidente da primeira

asociación galega de *eSports*. Investiga sobre as metodoloxías didácticas dentro dos equipos profesionais de deportes electrónicos.

Cristian González Gómez, educador social e promotor tamén da Asociación Galega de Deportes Electrónicos. Baseou o seu TFG na relación das *Gaming House* coa educación.

Serán os nosos Guybrush Threepwood, obsesionados por conseguir un antídoto contra a ignorancia e a falta de respecto aos videoxogos. A actividade terá como obxectivo crear e propoñer unha guía, accesible a xogadores e xogadoras, familias e profesorado, que teña pautas para mellorar a relación co mundo virtual.

17.00 h Entre nós

[0-100 anos, menores de 12 anos acompañados] [*Among Us*-I. R. L.]. O exitoso videoxogo volve, nesta ocasión, convertido nunha proposta presencial para toda a familia.

Among Us trátase dun xogo multixogador en liña: estás nunha nave espacial e dous impostores que están «entre nós», de aí o título, teñen que matar os outros oito tripulantes antes de que estes os descubran.

18.00 h Adestramento de elite en deportes dixitais

Tomás Leis Bravo [a partir de 14 anos]. Competidor de deportes electrónicos (*eSports*), capitán do equipo de Valorant da UVigo, e campión dos torneos presenciais de Onente Gaming e de Gaming Troop.

Queres introducirte no mundo dos deportes electrónicos e ser un dos mellores, desbloquear todo o teu potencial como xogador? Pois non podes perder o encontro con Tomás, un dos mellores deportistas de Galicia e un as niso de saber trucos.

18.30 h Onde a lingua é vitaaaal!

Gonzalo Failde [0-100 anos]. Actor de dobraxe de *Dragon Ball* para a TVG.

Freezer visita Ourense para contarnos centos de anécdotas e amosar como se pode chegar a superar o millón de unidades de forza niso de motivar a falar en galego a varias xeracións e, aínda así, ser o vilán máis veces derrotado do manga.

19.30 h Campionato de Dragon Ball Z: Super Butōden 2

[a partir de 12 anos]. A segunda entrega da saga de *Dragon Ball* para a mítica consola SuperNes de Nintendo é un completo xogo que transmite, perfectamente, a sensación da serie e do manga de *Dragon Ball*.

Anímaste a poñerte nos mandos de Son Goku e compañía e participar no campionato de artes marciais?

20.30 h Clausura da exposición «Arqueoloxía dixital galega»

[0-100 anos]. Que fai Microsoft contratando arqueólogos e arqueólogas? Esta é a inesperada pregunta que serve de arranque á exposición. Está comisariada por Óscar Penín, investigador do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da Facultade de Historia (GEAAT).

A exposición adéntrase no traballo da, pouco coñecida, arqueoloxía contemporánea e nas súas, cada vez máis fondas, conexións cos mundos virtuais.